



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños  
15701 Santiago de Compostela  
Telf.: 981 546177  
Fax: 981 546138

galicia

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DA CORUÑA

Santiago de Compostela,

20 XULL. 2018

#### REUNIDOS

Dunha parte, Dona Susana Rodríguez Carballo, Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, actuando en exercicio da competencia que ten delegada en virtude do disposto na Orde do 8 de setembro de 2017 da delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, nas direccións xerais e xefaturas territoriais e na Presidencia do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia (DOG nº 180).

E doutra parte, a entidade Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña, CIF: V.15041114, representada por Manuel Daniel Formoso Moledo (DNI 76499043 P), presidente da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña, en virtude do artigo 20.1 dos seus estatutos ratificados pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos o 14 de outubro de 2004 (DOG núm. 215, do 4 de novembro de 2004).

Todas as partes recoñécense a súa capacidade para obrigarse e conveniar e

#### EXPOÑEN

##### Primeiro

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de confrarías de pescadores segundo o artigo 27.29 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española e co Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado a Galicia en materia de agricultura e pesca.

##### Segundo

Que a Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten entre as súas competencias o fomento da organización sectorial que se desenvolve co apoio ao asociacionismo e proporcionando asistencia técnica ás confrarías de pescadores, organización de produtores da pesca e demais asociacións relacionadas co sector.

##### Terceiro

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, dotada de personalidade xurídica e da capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e actúa como órgano de consulta e colaboración coa Administración na defensa e promoción do sector, sendo o seu obxecto a coordinación, xestión e representación dos



intereses económicos e sociais comúns das confrarías que a integran.

A Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña, debe de adaptarse ás diversas situacions, condicóns e realidades asociadas ao seu sector de actividade. A tal fin, resulta imprescindible a potenciación no sector da "Responsabilidade Social Corporativa" entendida como investimento socialmente responsable, é dicir, a contribución activa e voluntaria ao melloramento social, económico e ambiental, co obxectivo de perfeccionar a situación competitiva e valorativa da entidade.

Por outra banda, para facilitar a consecución daqueles obxectivos precisa la adquisición e posta en marcha de ferramentas informáticas que faciliten a execución material do traballo.

#### Cuarto

Que a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña está inscrita no folio 3 do Tomo 3 do Rexistrio de Confrarías e das súas Federacíons, creado pola Lei 9/1993, do 8 de xullo, de Confrarías de Pescadores de Galicia.

#### Quinto

Que na Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 figura no capítulo VII, Transferencias de capital, con carácter nominativo, a dotación orzamentaria 14.03.722A.781.3, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacíons de confrarías de pescadores.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan, acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

### CLÁUSULAS

#### PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicóns de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña (ou beneficiaria) co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro a acadar a mellora da competitividade.

#### SEGUNDA. Finalidade da Subvención

A realización dos seguintes investimentos:

1. Posta en valor da actividade das confrarías de pescadores e da propia federación a fin de reforzar a identidade das confrarías e mellorar o seu recoñecemento social, así como a potenciación da súa "Responsabilidade Social Corporativa".



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Telf.: 981 546177

Fax: 981 546138

galicia

2. Creación dunha plataforma web para subministrar información sobre o proceso electoral.
3. Adquisición e implantación dunha ferramenta informática para o tratamiento, dixitalización e arquivo da documentación da Federación.

### TERCEIRA. Importe e contía da subvención. Gastos subvencionables

A Consellería do Mar achegará un importe máximo de quince mil euros (15.000 €) que se financiará con cargo á partida orzamentaria 14.03.722A.781.3 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018 , proxecto 2014 00639.


Os gastos imputables son aqueles realizados pola beneficiaria para o desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio descritos na cláusula segunda, co límite máximo de **15.000 €**.

### CUARTA. Concorrencia de subvencións

O importe da subvención percibida para este investimento non poderá en ningún caso ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados supere o custo da inversión aquí proposta. Ao efecto de poder comprobar tal extremo nas xustificacións de pagamento debe presentarse declaración das axudas solicitadas e concedidas coa mesma finalidade.

### QUINTA. Obrigas do beneficiaria

A beneficiaria, comprométese a:

- 
- 
1. Dedicar integralmente o importe desta axuda á realización das actividades e á adquisición dos bens descritos na cláusula segunda deste convenio.
  2. A poñer en coñecemento da Consellería do Mar calquera incidencia que afecte á realización dos investimentos, proporcionando canta información sobre as accións obxecto deste convenio lle sexa requirida.
  3. Prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, consonte ao disposto no artigo 40.1 h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Ademais son obrigas da beneficiaria todas as establecidas polo artigo 11 da Lei de Subvencións de Galicia.

O beneficiaria da axuda consente expresamente a inclusión do datos relevantes desta subvención nos rexistros públicos que proceda, de acordo co artigo 16 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvención de Galicia.

A concesión da subvención implica a autorización, á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Telf.: 981 546177

Fax: 981 546138

galicia

pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

A beneficiaria deberá ter cumpridas as obrigas establecidas nos artigos 55 e 58 do capítulo VI e nas seccións 3<sup>a</sup> e 4<sup>a</sup> do capítulo IX do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións, segundo se establece na Disposición adicional segunda do devandito decreto.

### SEXTA. Publicidade da Subvención

1. A beneficiaria, consonte ao disposto no artigo 20 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante Decreto 11/2009) deberá de dar a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento.

2. Sen prexuízo do previsto no artigo 20 do Decreto 11/2009, o incumprimento da obriga da beneficiaria de dar a adecuada publicidade do financiamento será causa de perda do derecho ao cobramento da subvención. Se é o caso, será tamén causa de reintegro das cantidades percibidas, se as houber, xunto cos xuros de demora que correspondan, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, en relación co artigo 33.d) da dita norma, e seguirase o procedemento establecido no artigo 38 da mesma norma legal.

### SÉTIMA. Forma de pagamento e xustificación da subvención

A Consellería do Mar, ao abeiro do establecido nos artigos 62 e 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuará o libramento da axuda ao ritmo de execución e xustificación do gasto e, en todo caso, mediante a presentación da seguinte documentación, **antes do 16 de novembro de 2018:**

Memoria económica xustificativa para os gastos con cargo á partida orzamentaria 14.03.722A.781.3 que incluirá:

a. Relación das facturas e outros gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIF, o número e a data da factura ou recibín, o concepto, o importe e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final o total dos gastos. Esta relación estará conformada polo secretario da Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña, co visto e prace do seu presidente. Tanto a presentación das facturas, como os documentos xustificativos do seu pagamento, deberán achegarse á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. A relación ordenada das facturas e os documentos xustificativos é requisito imprescindible para a tramitación do mencionado pagamento, devolvéndose toda a xustificación que non cumpla con estes requisitos.

Os xustificantes orixinais presentados marcaranse cun selo para os efectos previstos no artigo 49 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Os orixinais serán devoltos cando se comprobe a xustificación do gasto.

b. Declaración responsable, expedida polo órgano competente da entidade, de cada gasto realizado indicando que teñen relación co obxecto do convenio.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Telf.: 981 546177

Fax: 981 546138

galicia

c. Declaración responsable, expedida polo órgano competente, comprensiva das outras axudas percibidas ou solicitadas para este proxecto, na que se indique entidade concedente , data e importe total percibido.

De acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuarase o libramento da axuda do seguinte xeito:

- Pagamentos consonte ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro: mediante pagamentos parciais unha vez xustificados os gastos comprensivos de polo menos o 25% do importe do convenio, por parte da beneficiaria.
- A data tope de presentación da documentación xustificativa dos gastos que restasen para aboar ata acadar o 100% é o **16 de novembro de 2018**.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no seu artigo 29.2, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que supoñerán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, de acordo coas condicións establecidas nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A entidade beneficiaria deberá de solicitar o importe de pagamento anticipado que considere necesario, ata un máximo de **7.500 €**. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Consonde ao disposto no artigo 65.4 i) quedan exentos da constitución da garantía, “os beneficiarios das subvencións concedidas das que os pagos non superen os 18.000 euros. No caso de pagos anticipados e/ou pagos a conta o importe anterior enténdese referido á cantidad acumulada dos pagamentos realizados”

Para a materialización dos referidos libramentos será necesaria a emisión de certificación favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro poderá solicitar calquera documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

### OITAVA. Reintegro da subvención

Procéderá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos polo artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e a través do procedemento establecido polo artigo 37 e seguintes da mesma Lei.

### NOVENA. Normativa de referencia

Todas as actuacións de xestión de actividades do obxecto deste convenio, estarán suxeitas á normativa vixente en materia de axudas e subvencións constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño de



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Telf.: 981 546177

Fax: 981 546138

galicia

subvencións de Galicia e polo seu Regulamento aprobado polo Decreto 11/2009 , do 8 de xaneiro e por calquera outra de aplicación.

### DÉCIMA. Comisión de seguimento

O seguimento e control do establecido no presente convenio realizarase por unha comisión de seguimento formada pola Directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, polo/a subdirector/a xeral de xestión, ensino e relacóns sectoriais, e polo presidente e o Secretario da beneficiaria.

### UNDÉCIMA. Resolución de controversias

En caso de controversias sobre a interpretación e aplicación das cláusulas deste convenio, estas resloveranse pola comisión prevista na cláusula anterior.

No caso de que subsista o desacordo, dita cuestión controvertida someterase ao coñecemento da Xurisdición Contenciosa Administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

### DUODÉCIMA. Transparencia e bo Goberno na Administración Pública Galega

De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo governo, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio, e no restos das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Así mesmo, en virtude do disposto no artigo 4 da antedita Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións, atoparanse obrigadas a subministrarlle a Administración, previo requerimento, toda a información necesaria para o cumprimento, por aquela, das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

Asemade, será obxecto de publicidade no Rexistre de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto nos Decretos 126/2006, do 20 de xullo e no 132/2006, do 27 de xullo.

### DÉCIMA TERCEIRA. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do presente convenio e a Xunta de Galicia, os seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes, nin se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria, polas prestacións que se deriven deste convenio.

### DÉCIMO CUARTA. Vixencia e efectos

A duración do presente convenio alcanza ata o dezaseis de decembro de dous mil dezaoito sen posibilidade de prórroga.



## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR

Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Rúa dos Irmandiños s/n Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Telf.: 981 546177

Fax: 981 546138


galicia

Pola Consellería do Mar

Pola Federación Provincial de Confrarías de  
Pescadores da Coruña

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

O presidente



Susana Rodríguez Carballo



Manuel Daniel Formoso Moledo